



ANUNCIO

En sesión plenaria celebrada o 26.06.2023 deuse conta do decreto de alcaldía número 678/2023 de data 21.06.2023 de nomeamento dos Tenentes de Alcalde, co seguinte contido:

“Unha vez celebradas as Eleccións Locais do pasado 28 de maio de 2023 faise necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal, en particular, ao nomeamento dos Tenentes de Alcalde, en exercicio da potestade de autoorganización que o artigo 4.1. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, recoñece a esta Entidade.

Considerando que de conformidade co disposto polos artigos 21.2 e 23.3 da citada Lei, en concordancia cas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas no art. 62 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Réxime Local de Galicia e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro (en adiante ROF), os Tenentes de Alcalde serán libremente nomeados e cesados polo Alcalde entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Considerando que esta Alcaldía, en uso das competencias que lle outorga a lexislación vixente con data 19 de xuño de 2023 procedeu mediante Resolución a designación dos membros da Xunta de Goberno Local.

En uso das atribucións que me confire a citada lexislación, por medio da presente,

RESOLVO:

PRIMEIRO:- Nomear Tenentes de Alcalde deste Concello aos Concelleiros membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, os cales substituirán, polo orde do seu nomeamento, a esta Alcaldía nos casos de ausencia, vacante, enfermidade ou impedimento que imposibilite para o exercicio desta Alcaldía, asumindo as atribucións e competencias que me recoñece a lexislación vixente:

- Primeiro tenente de alcalde:- D. Enrique Tasende Lavandeira.*
- Segunda tenente de alcalde: - D. José Castro Agrelo.*
- Terceiro tenente de alcalde:- D^a. Clarisa Couto Castro.*
- Cuarta tenente de alcalde:- Da. Silvia Pose Castro.*



CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

exp. 2023/G010/000007

ANUNCIO

SEGUNDO:- Establecer que a estes efectos, cando esta Alcaldía teña que ausentarse do termo municipal, determinará, mediante Decreto, a duración da ausencia, designando o Tenente de Alcalde que teña que asumir as súas competencias.

Non obstante, cando esta Alcaldía se ausente do termo municipal por máis de 24 horas, sen ter conferido a delegación, ou cando por causa imprevista lle houberse resultado imposible outorgala lle substituirá o Tenente de Alcalde segundo a orde establecida anteriormente, dando conta ao resta da Corporación e sen que durante o mesmo día poda actuar como Alcalde accidental máis de un deles.

Igualmente cando durante a celebración dunha sesión a Alcaldía se houbera de abster en intervir, en relación con algún punto concreto da mesma, substituiralle automaticamente na Presidencia da mesma o Tenente de Alcalde a quen corresponda pola orde sinalada.

TERCEIRO:- Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa, facéndolles constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcalde en funcións, non podendo no citado exercicio nin modificar as delegacións xa efectuadas por esta Alcaldía con anterioridade nin outorgar outras novas.

CUARTO:- Dar conta ó Pleno da Corporación desta Resolución na Sesión Extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto polo artigo 38 do ROF.

QUINTO.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto polo art. 44.2 do ROF e igualmente publicala no taboleiro de anuncios do Concello e na sede do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da firma da resolución polo Alcalde."

En Coristanco a 4 de xullo de 2023 asinado dixitalmente polo alcalde suplente, Enrique Tasende Lavandeira